



**SE ESTÁS 'MALIÑO', DOBLE RACIÓN DE RISO**

Os clowns tamén se pasaron polo Hospital. Foron Pallapupas os que fixeron rir ós nenos.



**¿ESTE CATIVO DE QUEN É?**

Os alumnos de distintas clases de Formaclown andiveron facendo das súas polas rúas.



**AMIGOS UN VERÁN MÁIS**

Leo Bassi estase a converter nun artista imprescindible no Festiclown. Vén cada ano.

# Con Pe de Pepa Plana e Pa de Pallapupas

**¡Que día! O Festiclown non lle dá respiro ós pontevedreses. Onte houbo pallasos polas rúas, nas prazas, no Hospital Provincial, no Teatro Principal, na sala Camaway... dende as dez da mañá ata a madrugada. Todo para que te rías**



◆ O Festival Internacional de Clown de Galicia concentrou onte toda a atención dos pontevedreses. Non quedaba outra opción porque os clowns estiveron por toda a cidade. Os alumnos de varios cursos do Formaclown tomaron as rúas e as prazas de Pontevedra para demostrar todo o que aprenderan. Á primeira hora da tarde a catalana Pepa Plana actuaba no Teatro Principal dentro da Mostra Internacional de Clown coa obra 'De Pe a Pa'. A última hora da noite facíao Leo Bassi coa obra '12 de septiembre' que presentou pola mañá co director do Festiclown, Iván Prado. Pallapupas visitou o Hospital Provincial e, de madrugada, celebráronse dúas sesións de clown off na sala Camaway. Aguanta a respiración, que hoxe chegan os



**OREPASO**

**Polas rúas, no Hospital, en cada esquina**

Pontevedra non é a mesma dende hai uns días. De tanto rir parece que vai estourar. O Festiclown foi collendo velocidade ó longo da semana para, como se dun foguete se tratase, estourar en mil cores estos últimos días. A actividade xa foi onte moi intensa. Case en cada esquina había un grupo de narices vermellos en misión oficial: facer rir. Polo Hospital Provincial pasou o grupo Pallapupas, a promoción de 2002 do Formaclown celebrou a súa licenciatura e as estrelas da Mostra brillaron tan intensamente como cabía esperar de Pepa Plana e Leo Bassi.

Atención ó programa de hoxe. A grande atracción do día serán os 'correfocs', especialistas cataláns que crean un espectáculo de lume a partir da medianoite polas rúas da cidade e que xa estiveron o ano pasado no Festiclown. Rematarán o seu percorrido sobre a unha da madrugada na praza do Teucro, onde dará comezo unha sesión de **clown off**.

Pero hai máis cousas. Están previstas ata tres actuacións dentro da Mostra Internacional de Clown de Galicia. A primeira delas correrá a cargo do grupo galego **Mofa e Befá** que, ás oito da tarde, no Teatro Principal, presentarán o espectáculo 'Cultura para dar e tomar'. Ás dez, substituíraos riba do escenario **Loco Brusca**, que vén de ser premiado no Festival de Calle de Valladolid polo seu espectáculo de rúa. A Pontevedra trae o espectáculo 'Sperman & friends'. A última das actuacións preparadas para hoxe é a de **Dirty Fred**. O americano é un malabarista virtuoso que presentará a súa última creación para o público.

E hai máis porque hoxe, ás doce do mediodía, na praza do Teucro celébrase o **certame de rúa**. Precisamente polas rúas tamén andará argallando dende as sete da tarde **Nanny Cogomo**. ¿Como empezaba o subtítulo da noticia? ¡Que día!